

O vindeiro día 6 de Xaneiro celebrarase en Barro a tradicional Cabalgata de Reis.

Neste Concello da comarca de Pontevedra celébrase todos os anos unha cabalgata de reis para despedir aos reis magos de oriente despois dunha noite de moito traballo para eles, na que farán as delicias dos máis pequenos agasallándoos con múltiples obsequios e regalos.

A Banda de Música Xuvenil de Barro, como en anteriores edicións, porá a guinda musical ao acto. Neste acto, ademais, incorporaranse á agrupación os novos compoñentes desta agrupación.